



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 51/2017

### INFORME DE EVALUACIÓN DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DEUDA CO MOTIVO DO PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2017

En cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, o cumprimento da Regra de Gasto e o límite de débeda do Proxecto de Orzamento do exercicio 2017

#### INFÓRMASE

#### **PRIMEIRO.- NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, DE CÁLCULO DA REGRA DE GASTO E DAS OBRIGACIÓNS DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN.**

1. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF).
2. Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).
3. Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de información previstas na LOEPSF (OM).
4. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **SEGUNDO.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE.**

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit presupuestario.

A estabilidade presupuestaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, por diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación de axustes relativos á valoración atendendo a Contabilidade nacional.

#### **TERCEIRO.- ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS**

- A. Corporacións Locais, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira:
  - Concello de Chantada.
- B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, entendendo concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).
  - Non existen.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 51/2017

## **CUARTO.- DESCRICIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDAD NACIONAL E A SÚA EQUIVALENCIA EN TÉRMINOS DE ORZAMENTOS.**

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentados, sen prexuízo da súareclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas por axústelos que se describen nos apartados seguintes deste informe.

### • INGRESOS.

1. **Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.** Este axuste xustifícase xa que na contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, e non o de devengo.

De tal xeito, que en virtude do anterior, procédese a realizar os axustes do Orzamento do exercicio 2017, en virtude dunha media realizada entre as liquidacións dos tres últimos exercicios(2014-2015-2016).

### • GASTOS.

1. **Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación.** A conta 413 “Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se realizou a súa aplicación ao orzamento sendo procedente a mesma.

De tal xeito, que en virtude do anterior, procédese a realizar os axustes do Orzamento do exercicio 2017, en virtude dunha media realizada entre as liquidacións dos tres últimos exercicios(2014-2015-2016).

<b>PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>	<b>AYUNTAMIENTO</b>
Capítulo 1: Impuesto Directos	2.447.470,07
Capítulo 2: Impuesto Indirectos	45.000,00
Capítulo 3: Tasas y otros ingresos	593.808,39
Capítulo 4: Transferencias corrientes	2.395.364,83
Capítulo 5: Ingresos patrimoniales	8.158,06
Capítulo 6: Enajenación de inversiones	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00
<b>A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)</b>	<b>5.489.801,35</b>

<b>PRESUPUESTO DE GASTOS</b>	<b>AYUNTAMIENTO</b>
Capítulo 1: Gastos de personal	2.801.870,70
Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	1.545.516,86
Capítulo 3: Gastos financieros	50.000,00
Capítulo 4: Transferencias corrientes	264.854,84
Capítulo 5: Fondo de Contingencia	0,00

CONCELLO DE CHANTADA



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 51/2017

Capítulo 6: Inversiones reales	308.057,04
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00
B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	4.970.299,44
<b>A - B = C) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA</b>	<b>519.501,91</b>
D) AJUSTES SEC-10	-224.843,79
C+D= F) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	<b>294.658,12</b>
% ESTABILIDAD ( + ) /NO ESTABILIDAD ( - ) : AJUSTADA	<b>5,37%</b>
<b>% LÍMITE ESTABLECIDO</b>	<b>0%</b>
<b>OBLIGACION DE REALIZAR PLAN ECONÓMICO FINANCIERO</b>	<b>NO</b>

## QUINTO.- DETERMINACIÓN DA REGRA DE GASTO NO ORZAMENTO.

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, si a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recaudación derivados de cambios normativos.

Na obtención do Gasto computable da entidade nun exercicio, calcúlase como:

- (+) Empregos non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.
- (-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.
- (-) A parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas procedentes de Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Diputacións e Outras Administracións Públicas.
- (+) Cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recaudación
- (-) Cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recaudación

Ademáis, incluíránse unha serie de axustes:

1. A conta 413 “Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento” á hora de aplicar o principio de devengo, implica cas cantidades aboadas no exercicio na conta 413, dará lugar a axustes de maiores empregos non financeiros mentres cas cantidades aboadas no exercicio é dicir aplicadas ao orzamento, implicarán axustes de menores empregos non financeiros.
2. O axuste por grado de execución do gasto, que reducirá os empregos non financeiros cando se consideren que non se van a executar no exercicio orzamentario, e os aumentará cando o importe sexa superior.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 51/2017

CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Orgánica 2/2012)		LIQUIDACIÓN 2016	PRESUPUESTO 2017
=	<b>B) EMPLEOS NO FINANCIEROS (excepto intereses de la deuda)</b>	<b>4.802.619,60</b>	<b>4.926.299,44</b>
(-)	Enajenación		
(+/-)	Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local		
(-)	Inversiones realizadas por la Corporación Local por cuenta de otras AAPP		
(+)	Ejecución de Avales		
(+)	Aportaciones de capital		
(+)	Asunción y cancelación de deudas		
(+/-)	Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	-431.446,84	-431.446,84
(+)	Pagos a socios privados en el marco de Asociaciones público privadas		
(+/-)	Adquisiciones con pago aplazado		
(+/-)	Arrendamiento financiero		
(+)	Préstamos fallidos		
(+/-)	Grado de ejecución del Gasto	-656.076,02	-304.791,64
(-)	Ajustes Consolidación presupuestaria		
(-)	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP		-398.470,47
(-)	Inversiones Financieramente Sostenibles		
=	<b>D) GASTO COMPUTABLE</b>	<b>3.715.096,74</b>	<b>3.791.590,49</b>
(-)	<b>Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)</b>	0,00	<b>0,00</b>
(+)	<b>Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)</b>	0,00	<b>0,00</b>
=	<b>E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO año n = G° computable +/- Aumento/reducción permanente recaudación</b>	<b>3.715.096,74</b>	<b>3.791.590,49</b>
	<b>Tasa de referencia crecimiento PIB m/p</b>	2,20%	3.796.828,87
<b>CUMPLE LA REGLA DE GASTO</b>			<b>SÍ</b>

## SEXTO.- CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DEUDA

O porcentaxe da deuda viva sobre os ingresos correntes previstos é:

Deuda viva estimada a 31/12/2017	2.407.882,98
Ingresos correntes previstos para 2017	5.747.033,22
<b>Porcentaxe carga viva</b>	<b>41,90%</b>

O presente informe emítase no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención.

En Chantada, a data de asina do documento electrónico en 2017,

A Interventora municipal,

Mª Cristina González Santín

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

**CONCELLO DE CHANTADA**